



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 29 DE MAIO DE 2026

PRESIDENTA ACCIDENTAL:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

(Resolución de Alcaldía nº 303/2026 do 22 de maio)

MEMBROS:

ISMAEL DURÁN BEREIJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución nº 251/2026 do 27 de abril)

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:47 horas do día 29 de maio de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 15.05.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 15.05.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000183

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 18.05.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA



Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000183.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000643435

Exercicio: 2025

Primeiro. presenta, en data 15.05.2026 e nº de rexistro de entrada 202690000000693, solicitude de anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2025 e liquidación.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito impoñible

O artigo 2 da norma municipal define o feito impoñible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.



IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito :
“Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643435	20253515022RL01R003208					2025

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo



(art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643435	20253515022RL01R003208					2025

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

3. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E BAIXA NO PADRON POR DUPLICIDADE. EXP: 2026/X999/000184

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 20.05.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E BAIXA NO PADRON POR DUPLICIDADE. EXP: 2026/X999/000184.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoble:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000643786

Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por _____ en data 11.05.2026 (registro de entrada nº 202600000001462), de anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2025 e baixa no Padrón por duplicidade e devolución.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por existir duplicidade do mesmo.



Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.



VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación e baixa en Padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por existir duplicidade de recibos. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643786	20253515022RL01R001686					2025

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo e aprobar a baixa no Padrón da taxa pola prestación de servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo, por existir duplicidade no recibo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000643786	20253515022RL01R001686					2025

SEGUNDO. Dar traslado deste acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo aos interesados.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERÍODOS 2023, 2024 E 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000498

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 27.05.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERÍODOS 2023, 2024 E 2025 E LIQUIDACIÓN. EXP: 2026/X999/000498.

Solicitude: 202600000001677
Data: 26/05/2026
Solicitante: DEPUTACIÓN DA CORUÑA
S/EXPTE: 2023EXP35030486

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000644140

Exercicios: 2023, 2024, 2025

Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña, Tesouraría – Servizo Recadación – Zona 5, expte. 2023EXP35030486, en data 26/05/2026 e nº de rexistro de entrada 202600000001677, de proposta de baixa ou rectificación de datos para anulación dos recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e liquidación dos exercicios 2023, 2024 e 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación dos recibos dos exercicios de 2023, 2024 e 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo; e comunícase pola Deputación da Coruña que concorren as circunstancias para a anulación das taxas indicadas por variación do titular catastral do inmovible, e liquidación ao actual obrigado tributario ditas taxas.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación

expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para os exercicios 2023, 2024 e 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
----------------	----------	---------	---------	---------



SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2023, 2024 e 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO CAMPO DO CASTRO – CASTRO DO SARRIDAL. EXPTE: 2026/C002/000003

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.05.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA NO CAMPO DO CASTRO – CASTRO DO SARRIDAL

Expte.: 2026/C002/000003

O motivo do presente contrato é a escavación en área da parcela municipal do Concello de Cedeira na que se exhumou un Monumento con Forno, “Pedra Formosa”, ou Sauna Castrexa (concretamente o empedrado exterior, a Antecámara, a Cámara, o Forno, e a Zona de Alimentación. O obxectivo desta campaña sería completar a escavación en área iniciada na campaña anterior na superficie situada ao norte do paramento exterior do Forno da Sauna Castrexa onde se recuperaron parte de muros relacionados con estruturas de habitación da Idade do Ferro.

O gasto consiste no servizo de escavación arqueolóxica en área con consolidación no Campo do Castro – Castro do Sarridal, cunha superficie de 80m2, que inclúe a escavación dunha superficie situada a continuación do paramento exterior do forno da sauna castrexa ata o paramento interno da muralla. Para este servizo recibíronse os seguintes presupostos:

EMPRESA CIF/NIF	REX. ENTRADA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE	IVE (21 %)	TOTAL (IVE INCL)
VANESA TREVIN PITA	2026/999/833 21.04.2026	Redación proxecto de actuación arqueolóxica e memoria técnica, escavación en área de 80 m2, honorarios arqueólogos e auxiliares, planimetría (dron). Tempo estimado: 24 días	14875,00	3123,75	17998,75
AXA ARQUEOLOXÍA S.L. B15689441	2026/999/813 20.04.2026	Redación proxecto de actuación arqueolóxica, escavación en área de 80 m2, definición do 1º momento de ocupación no Campo do Castro, situación en planimetría das estruturas exhumadas (dron), honorarios de técnicos especialistas en arqueoloxía; e redación do informe valorativo,	14750,00	3097,50	17847,50



		memoria técnica e proposta para a consolidación e posta en valor dos restos escavados na parcela municipal. Tempo estimado: 24 días hábiles.			
JOAQUÍN FERRER CRUZ	2026/999/817 21.04.2026	Redación de proxecto de intervención, elaboración de memoria técnica que inclúe a descrición dos resultados acadaos e planos deliñados das estruturas arqueolóxicas localizadas e dos perfís representativos resultantes da excavación. Superficie: 80 m2. Tempo estimado: 24 xornadas.	15000,00	3150,00	18150,00

Con data 08.05.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.847,50 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 07.05.2026 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a AXA ARQUEOLOXÍA, S.L., con CIF B15689441, o servizo de intervención arqueolóxica no Campo do Castro – Castro do Sarridal, de acordo co presuposto presentado con data 20.04.2026; por un importe de 14.750,00 € e 3.097,50 € en concepto de IVE (total 17.847,50 € incluído o IVE).
- 3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DE REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA. EXPTE: 2026/C003/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.05.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DE REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA

Expte. 2023/C003/000005

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.05.2024 foi adxudicado o contrato de obras denominado "Reforma e conservación do edificio Escolar no lugar de Corredoira" á empresa CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS S.L. polo importe de 144.901,04 € (IVE incluído).



Con data 29.04.2024 a empresa CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a copia electrónica da garantía definitiva para o contrato de "Reforma e conservación do edificio Escolar no lugar de Corredoira" mediante o aval núm. 689160 de data 26.04.2024 da entidade ABANCA polo importe de 5.987,65 € .

Con data 30.04.2025 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 05.05.2026 (rex. entrada núm. 2026/999/936) a empresa CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 689160 de data 26.04.2024 da entidade ABANCA polo importe de 5.987,65 € .

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 26.05.2026, favorable á devolución da citada garantía.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 689160 de data 26.04.2024 da entidade ABANCA polo importe de 5.987,65 € .

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. DAR CONTA DO DECRETO DA PRAZA Nº 1 DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE FERROL DE DATA 12.052026 E DA SÚA FIRMEZA, NO P.A. 137/2025 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPEDIENTE 2025/P002/000007)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.05.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DO DECRETO DA PRAZA Nº 1 DA SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL DE INSTANCIA DE FERROL DE DATA 12.052026 E DA SÚA FIRMEZA, NO P.A. 137/2025 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPEDIENTE 2025/P002/000007)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Praza Nº 1 da Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ferrol de data 12.05.2026 (rex de entrada nº 202699900001295, de data 14.05.2026) en relación co procedemento abreviado P.A. 137/2025 de contra o concello de Cedeira, cuxa parte dispositiva di:

“ACUERDO:

- *Tener por terminado el proceso por **CARENCIA SOBREVENIDA DE OBJETO**. Sin imposición de costas.*



- *Firme la presente resolución, archivar las actuaciones.*
- *Unir certificación literal de esta resolución al procedimiento, y el original al Libro Registro correspondiente.”*

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento do Decreto e da súa firmeza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NUM. 299/2026 DE DATA 19.05.2026 DE APROBACIÓN GASTO FACTURA F/2025/1321. SERVICIO DE RECOLLIDA RSU E LIMPEZA VIARIA DO 17 AO 31 DE MARZO DE 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía num. 299/2026 de data 19.05.2026, que di:

“DECRETO DE ALCALDIA

Asunto: APROBACIÓN GASTO FACTURA F/2025/1321. SERVICIO DE RECOLLIDA RSU E LIMPEZA VIARIA DO 17 AO 31 DE MARZO DE 2026

EXP: 2026/G003/000

Vista a factura con número de rexistro F/2026/1321, que suma un importe total de 34.005,77 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1321	26 131	31/03/2026	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU E LIMPEZA VIARIA DO 17 AO 31 DE MARZO DE 2026	1621	22700	34.005,77 €
TOTAL								34.005,77 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas



Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2026, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

Polo exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público para non retrasar máis o abono do servizo debido a un erro de rexistro da factura en contabilidade.

SEGUNDO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da factura con número de rexistro F/2026/1321, con cargo ás aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Municipal e aprobar a mesma, por un importe bruto de de 34.005,77 euros.

TERCEIRO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de de 34.005,77 euros e que pola Tesourería Municipal se proceda ao seu pagamento.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, aos efectos oportunos.

QUINTO. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

9. ASUNTOS VARIOS

Non hai.



E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 13:57 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

A PRESIDENTA ACCTAL
M^a JOSÉ PERNAS DÍAZ

A SECRETARIA ACCTAL
M^a DEL MAR ANTÓN BRAGE